

PEZA DO MES

febreiro

2024



**PROXECTO MUSEOGRÁFICO DO MUSEO
ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL DE OURENSE.
O EDIFICIO**

Proxecto museográfico do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. O edificio

A peza deste mes *Proxecto museográfico. O edificio*, e as dúas anteriores que lle precederon, inscribíense no desenvolvemento do *Plan museolóxico* do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, ferramenta de planificación e programación museística, imprescindible para acometer as necesarias obras de remodelación e ampliación do edificio, e adaptación da exposición permanente ás novas correntes museolóxicas.

A sede do museo é un edificio excepcional, a partir do que se pode reconstruír gran parte da historia de Ourense. Situado nun espazo próximo ao costado sur do templo catedralicio, na praza Maior, centro neuráxico da zona histórica. Coñecido desde a Idade Media como *pazos, torres e curral do bispo*, foi testemuña do devir histórico de nove séculos de vida da cidade, pola súa condición de pazo episcopal e residencia temporal do señor da cidade, ao tratarse dun señorío eclesiástico entre os séculos XII e XVI.

O inmovible representa un excepcional expoñente da arquitectura civil románica, que foi obxecto de diferentes ampliacións e reformas, nunha longa serie de etapas construtivas, ata ser adquirido en 1951 polo Estado e ser sometido á súa configuración actual tras a reforma levada a cabo polo arquitecto F. Pons Sorolla, concluída en 1969.

O estudo da evolución construtiva do edificio, levada a cabo por F. Fariña Busto, permite coñecer a longa secuencia destas intervencións e transformacións e os seus espazos e elementos orixinais, complementado por estudos posteriores.

Construído sobre un soar con restos romanos, na época medieval, todo o seu perímetro estivo circundado por unha cerca, provista dunha serie de seis torres defensivas, para conformar no seu interior un amplo recinto –o *curral*–, das que a chamada torre *Beati Martini*, situada xunto á primitiva igrexa prerrománica de Santa María, conserva unha epígrafe de 1131 correspondente, segundo unha teoría mantida desde antigo, á lumieira fundacional, en tempos do bispo Diego Velasco:

ERA: M: LXVIII: ET QT: IIII: NS:
NB: D: II: AURIENSVM: AESPS:

Era Milesima Centesima Sexagesima Nona et Quotum quattu Nonas Novembris Didacus secundus Auriensum aepiscopus. Isto é: «Na era de 1169 (ano

1131) sendo o día cuarto das nonas de novembro, Diego Segundo, bispo dos ourensáns».

Polas mesmas datas nas que se constrúe a torre *Beati Martini* comezaría a construción do palacio, constituído nun principio por un corpo cunha planta en «L», ao que se accedía por un arco lixeiramente apuntado, con doelas e dúas arquivoltas, descuberto recentemente oculto pola revocadura dos muros. Este arco de entrada daba acceso a unha gran sala con piso de terra, seguida doutra estancia con pavimento de cantos rodados formando figuras xeométricas.

No conxunto, cabe destacar o núcleo principal, coa súa galería de arcos de medio punto, sobre pares de columnas, e ventás de composición xeminada no piso alto, considerado por Murguía como un dos máis sobresaíntes restos da arquitectura civil galaica, cuxas características formais e ornamentais a sitúan nos anos centrais do século XII, cunha relación coa arquitectura civil de Cluny e o palacio episcopal de Santiago de Compostela.

Pronto a estrutura preliminar do palacio recibiu unha cruxía que enlazou o conxunto coa torre dos *Branco*s, no ángulo sueste, que aínda conserva parte da súa estrutura embebida no edificio actual, e que, á súa vez, mediante unha barbacá, conectaba coa torre *Beati Martini*.

Xa, durante o episcopado de don Lorenzo (1218- 1248), terá lugar a edificación da ala occidental, definido, no coñecido «Preito do Curra», do século XVI, como bodega. Os seus contrafortes exteriores, unidos na parte superior por arcos de medio punto, amosan grandes similitudes formais cos da nave catedralicia, nestes momentos en construción. A esta época corresponderían tamén as torres da Barreira, desaparecidas na segunda metade do século XV.

O poderoso sistema defensivo do conxunto complementaríase, xa no gótico, coa construción, no muro norte, da denominada «torre de Santa María», que forma un cubo de planta cadrada, dividida ao interior en dúas estancias. A súa estrutura, moi modificada como consecuencia das obras de restauración realizadas baixo a dirección de Pons Sorolla, presenta na actualidade un aspecto macizo, aumentado en altura. Tamén a esta época corresponderían os restos doutra torre, documentada nas escavacións do actual xardín, destruída no contexto das revoltas irmandiñas.

Na época moderna, os novos tempos traídos polo Renacemento foron ocasión para que o bispo Juan Manrique de Lara (1542-1556) construíse unhas estancias, con galería cara ao sur no ángulo

suroeste do palacio. E durante a prelatura de Juan de Sanclemente (1578-1587), o canteiro Gonzalo Fatón levantou un corpo sobre arcadas de recios piares saíndo á zona das hortas, entre a torre dos Brancos e a primixenia nave do refectorio. Xa no século XVII, os efectos do incendio sufrido no inmoble xustificaron novas reformas polo prelado Antonio Paino (1643- 1653). A estas obras seguiron, na centuria seguinte, as levadas a cabo por Marcelino Siuri (1709-1717), coa edificación a *cimentis* da nova igrexa barroca de Santa María Nai, sobre o soar da antiga. E polo seu sucesor, o bispo Fr. Juan Muñoz de la Cueva (1717-1728), que deu un novo acceso ao palacio, abrindo unha porta coroada polo seu escudo, e a monumental portada, co escudo pétreo do prelado. Finalmente, durante o episcopado de Florencio Cerviño (1922-1941) engádense a moderna edificación dun pórtico de arcadas neogóticas pechando o lenzo oeste do *curral* do palacio, a cargo de arquitecto Vázquez Gulías. A definitiva transformación do conxunto por Pons Sorolla constitúe o derradeiro paso nas intervencións no edificio, das que é herdeira a súa imaxe actual.

Ante esta riqueza e complexidade arquitectónica, no *Programa de necesidades arquitectónicas* e no *Avance do Programa da exposición permanente* manifestamos que o proxecto tiña que dar resposta a todas as interrogantes que se presentasen, tanto no referente á relación de espazos, comunicación e circulación, como no respectivo a instalacións e equipamentos, pero sobre todo, avaliar os necesarios equilibrios para o respecto e posta en valor do propio edificio e dos restos arqueolóxicos do soar, tratándoos como obxectos museables en si mesmos, sen prexuízo do resto dos servizos. Propoñiamos que o proxecto debería garantir a conservación e identidade do inmoble, con respecto e revalorización da súa condición histórica e monumental, especialmente da súa fábrica medieval, ao tempo que se converte nun instrumento para a conservación e difusión dos bens culturais que acolle.

Os redactores do *Proxecto arquitectónico* tiveron moi en conta o *Programa de necesidades arquitectónicas* elaborado polo equipo do museo, asumindo como propias a gran maioría das propostas, de tal forma que o resultado está chamado a potenciar os valores arquitectónicos e arqueolóxicos do edificio existente, conseguindo a máxima claridade espacial, delimitando as áreas necesarias para o correcto funcionamento da institución, ao tempo que se favorece o diálogo entre a obra antiga e a recente, sobre todo a nova cuberta do patio de acollida e a sala de exposicións temporais co antigo pazo episcopal.

Neste sentido, buscáronse solucións prácticas para a revalorización de determinados elementos arquitectónicos que axudarán á comprensión do edificio na súa integridade, caso do paramento sur da torre gótica de Santa María, no que se atopan os contrafortes románicos da bodega que permanecían ocultos en toda a súa verticalidade ao estaren cortados polo forxado do piso superior, onde se sitúa o coroamento coa unión dos arcos de medio punto. A solución foi eliminar ese forxado, cubríndoo cunha pasarela de vidro, de forma que permitise a observación do pano murario e os elementos arquitectónicos en toda a súa verticalidade. Esta contemplación verase reforzada pola presenza, neste espazo, dun ascensor con vistas panorámicas para acceder ao piso superior.

Da mesma forma, tamén se pon en valor o monumental arco de entrada ao palacio románico, tapiado na segunda metade do século XVII, abríndose na centuria seguinte unha pequena porta con lumieira. Os traballos arqueolóxicos de escavación e o picado da revocadura dos muros realizados con anterioridade ao comezo das obras de rehabilitación, permitiron a descuberta e recuperación do seu aspecto orixinal, liberando o van, ao tempo que tamén se descubriu unha fiestra románica, na parte superior, cegada nas reformas de Pons, e así posibilitar a súa visión de forma conxunta.

Así mesmo recupérase o nivel orixinal románico en altura do corpo que ocupaba o Arquivo Histórico Provincial, que enlazaba a construción inicial coa torre dos *Brancos*, posible refectorio do palacio, para albergar un pequeno auditorio. Tamén se incorporan á visita os restos da torre gótica descubertos nas escavacións do xardín.

Esta área temática do edificio, ao longo da exposición permanente, explícase conxuntamente cos restos arqueolóxicos descubertos no propio inmoble, por medio de paneis individualizados formal e graficamente, denominados xenericamente como *Paseo Arquitectónico*, con información en tres idiomas. A visita será aberta, de forma que se poderá realizar en paralelo á exposición permanente, ou ben seguir un percorrido diferente seguindo a numeración destes paneis. Completará a información sobre o edificio un vídeo con reconstrución infográfica en 3D, situado no corpo escenográfico barroco, na entrada pola praza Maior, ao tempo que se poderá contemplar o paramento exterior da bodega ou *cilla* románica e os negativos dos contrafortes picados durante as revoltas sufridas na cidade na segunda metade de século XV.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Xulio Rodríguez González

IMAXE: Diego Blanco Urbano

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco

ISSN: 1579-9956